

*Orde do 19 de setembro de 2008 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais durante o curso escolar 2008-2009.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece, no seu capítulo I do título II, que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na dita lei. Así mesmo, especifica a igualdade de criterios para a determinación de recursos entre os centros públicos e os centros privados concertados.

Nesta liña, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou o 14 de maio de 2008 o acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre condicións laborais para os anos 2008, 2009 e 2010, e a calidade do ensino, logo do correspondente acordo de autorización polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de abril de 2008, e publicado mediante Resolución do 15 de maio de 2008 (DOG do 30 de maio), onde se determina -na cláusula quinta do seu anexo I- que o procedemento e criterios para a dotación dos recursos adicionais nos centros que escolaricen alumnos con necesidades educativas especiais se desenvolverán nunha orde específica.

Por outro lado, o Decreto 30/2007, do 15 de marzo (DOG do 16 de marzo), polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos, establece que, coa finalidade de asegurar a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades, se garante unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado que presenta necesidades educativas especiais.

Polo anteriormente exposto, esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

#### **DISPÓN:**

*Primeiro.-Obxecto.*

O obxecto desta orde é regular os criterios, requisitos, procedemento e dotación para conceder axudas económicas aos centros privados concertados para atender o alumnado con necesidades educativas especiais, naqueles aspectos que non estivesen xa cubertos co correspondente concerto educativo.

Quedan excluídos desta convocatoria de axudas os centros concertados específicos de educación especial e os centros con aulas concertadas de educación especial.

Enténdense por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira por un

período da súa escolarización, ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

*Segundo.-Vixencia.*

Esta orde terá vixencia temporal para o curso académico 2008-2009.

*Terceiro.-Solicitudes.*

As solicitudes faranse no modelo que se xunta como anexo e irán acompañadas de:

a) Unha memoria explicativa en que se fagan constar as necesidades do centro para atender o alumno/a con necesidades educativas especiais.

b) No caso de que o centro solicite outras axudas para o mesmo proxecto ou actividade, xuntará á solicitude unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos e a súa contía. No caso contrario, presentará certificación de non as ter solicitado.

c) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.

d) Certificación de estar ao día co pagamento das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

As solicitudes, xunto coa documentación sinalada, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou en calquera outro rexistro propio ou concertado da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Tamén se poderán presentar conforme o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a solicitude é remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de certificala.

Así mesmo, de conformidade co preceptuado na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os solicitantes consenten que a Administración faga públicos nos rexistros regulados neste decreto os datos relevantes referidos ás axudas recibidas. A negativa expresa a esta autorización poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación ou á revogación do acto de outorgamento.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mes-

mo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

*Cuarto.-Finalidade das axudas.*

As axudas reguladas nesta orde poderán ser empregadas, en función das necesidades do centro, nas seguintes cuestións:

-Contratación de persoal complementario do tipo: logopeda, fisioterapeuta, axudante técnico educativo, psicólogo, pedagogo, traballador social, intérprete de lingua de signos e coidador.

-Reparacións, mantemento e pequenas obras de adaptación.

-Compra de material específico ordinario non inventariable.

*Quinto.-Criterios de valoración e distribución.*

Para a asignación de contías seguiranse os seguintes criterios:

a) Alumnado matriculado que reúna os requisitos establecidos no artigo 73 da LOE debidamente xustificadas. Por cada alumno/a contabilizaranse 8 puntos. No caso de centros que xa escolarizasen alumnado deste tipo o curso anterior contabilizaranse 16 en vez de 8 puntos por cada alumno/a.

b) Proporción entre os alumnos totais e este tipo de alumnado. Calculárase a porcentaxe entre alumnado que reúna os requisitos e alumnado total do centro, excluindo as etapas non concertadas. A puntuación en función desta porcentaxe será: máis do 1%, 16 puntos; máis do 0,5 e ata 1%, 12 puntos; máis do 0,3 e ata 0,5%, 8 puntos; máis do 0,1 e ata 0,3%, 4 puntos; igual ou menor do 0,1%, 0 puntos.

c) Grao de minusvalidez. Ata o 33%, 8 puntos por alumno/a; máis do 33% e ata o 66%, 12 puntos por alumno/a; máis do 66%, 16 puntos por alumno/a.

Unha vez sumadas as puntuacións obtidas por cada centro, o importe da axuda concedida a cada un será proporcional á puntuación deste con respecto á suma das puntuacións de todos os centros.

A distribución das axudas farase por niveis educativos agrupados do seguinte xeito:

-Educación infantil, primaria e ESO.

-Formación profesional e programas de cualificación profesional inicial.

A asignación que recibirá cada centro será como máximo de 10.000 euros por curso escolar.

*Sexto.-Procedemento de selección.*

Unha vez completados os expedientes, e baixo a presidencia da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen esta delegue, constituirase unha comisión encargada de exa-

minar e valorar a documentación presentada, e que estará integrada polos seguintes membros:

-O subdirector xeral de Centros.

-O xefe de servizo de Centros.

-Un representante designado polas organizacións sindicais máis representativas do sector.

-Un representante de centros docentes privados concertados designado polas organizacións de titulares máis representativas no ámbito comunitario.

Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

A Comisión poderá dispor a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración das solicitudes.

Os membros da comisión poderán percibir axudas de custo por asistencias e axudas para gastos de locomoción por concorrer ás sesións conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), logo da autorización da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Sétimo.-*Resolución.*

Rematadas as sesións de valoración dos proxectos, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa expoñerá no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>, na sección de centros concertados, a proposta provisional de resolución, que incluírá a cantidade asignada a cada centro. Estes contarán cun prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes. Esta resolución provisional tamén lles será comunicada aos solicitantes a través do correo electrónico.

Estudadas e valoradas as alegacións presentadas, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará proposta de resolución definitiva á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria. Na proposta indícarase a concesión ou a denegación das axudas solicitadas, así como, de ser o caso, a exclusión daquelas entidades solicitantes que non reúnan algún dos requisitos da convocatoria. As solicitudes denegadas serán motivadas.

Contra a orde de resolución definitiva cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 107.1º, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme o establecido nos artigos 10º, 14º e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A resolución ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria publicarase no *Diario*

*Oficial de Galicia* no prazo máximo de tres meses contados desde o remate do prazo de solicitude establecido nesta convocatoria. De non facerse así, os solicitantes poderán entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes para os efectos de interpoñer os recursos que procedan.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Oitavo.-*Partidas orzamentarias.*

As axudas económicas, para os niveis de infantil, primaria e ESO, tramítaranse con cargo á partida orzamentaria 09.02.422A.482.3 por unha contía total máxima de 95.845 euros para o ano 2008 e 191.689,33 euros para o ano 2009.

As axudas económicas, para o nivel de formación profesional, incluídos os programas de cualificación profesional inicial, tramítaranse con cargo á partida orzamentaria 09.02.422M.482.3 por unha contía total máxima de 4.155 euros para o ano 2008 e 8.310,67 euros para o ano 2009.

Noveno.-*Pagamento das axudas.*

O pagamento das axudas concedidas farase de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, polo que se desenvolve o procedemento de aprobación do gasto e pagamento de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).

O pagamento das axudas concedidas por importe igual ou inferior a 6.000 euros será realizado do seguinte xeito:

a) Un anticipo igual ao importe concedido para o ano 2008, que se realizará de oficio, e que en ningún caso excederá o 80% da subvención concedida.

b) O pagamento do importe concedido para o ano 2009 realizarase a medida que se presente a correspondente xustificación de gastos por importes superiores ao anticipo concedido.

c) A data límite para a xustificación total da subvención será o 30 de xuño de 2009.

O pagamento das axudas concedidas por importe superior a 6.000 euros será aboado a medida que se presente a correspondente xustificación de gastos, coa limitación dos importes concedidos para cada unha das anualidades. Neste caso, o prazo para presentar a xustificación de 2008 remata o 12 de decembro de 2008 e a data límite para xustificar os gastos de 2009 é o 30 de xuño de 2009.

Décimo.-*Xustificación.*

Os beneficiarios deberán presentar a seguinte documentación:

a) Facturas a nome do centro, nóminas e outros documentos acreditativos dos gastos derivados da execución das actividades subvencionadas, así como xustificante de que o pagamento do seu importe foi

efectuado. Os documentos acreditativos dos gastos deberán reunir todos os requisitos exixidos pola lexislación vixente. Cando a xustificación dos gastos non se axuste ao aquí estipulado, por presentar xustificantes incompletos ou incorrectos, pagarase unicamente a cantidade da axuda concedida correctamente xustificada.

b) Memoria das actividades axustadas ao proxecto presentado na solicitude que permita asegurar a relación directa dela cos xustificantes de gasto que se acheguen. Debe estar asinada polo representante legal do centro.

c) Declaración responsable, por parte das persoas ou entidades seleccionadas, de non estar incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, nas datas de xustificación.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, en que se especifique claramente a clave do expediente ou ben o concepto subvencionado. De ser concedida a subvención, deberá expresar os importes e a súa procedencia, e xuntar facturas ou xustificantes de gasto por unha contía equivalente á suma do total das subvencións para idéntico obxecto.

#### Décimo primeiro.-*Fiscalización e control.*

Os beneficiarios quedarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e de control do destino das axudas.

Así mesmo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria reserva para si o dereito de realizar, en calquera momento, ata transcorridos tres anos desde o momento da resolución de concesión das axudas, as comprobacións e avaliacións que considere oportunas sobre as actuacións realizadas e a xustificación.

Por outra parte, os beneficiarios deberán dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento destas actividades que foron obxecto de subvención.

#### Décimo segundo.-*Perda do dereito ao cobramento da axuda.*

O centro perderá o dereito ao cobramento da axuda polas seguintes causas:

a) Xustificación incompleta ou presentada fóra de prazo.

b) Incumprimento dos fins ou obxectivos para os que foi concedida.

c) Perda da capacidade xurídica ou de obrar ou inhabilitación para ser beneficiario de subvencións e axudas públicas, nos termos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

De concedérselle outra subvención por esta mesma finalidade no prazo de vixencia desta convocatoria, a entidade terá que comunicarllo á Administración, tal e como dispón artigo 11 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para que, en aplicación do seu artigo 17.3º, o importe da subvención se minore co fin de que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, non supere o 100% do investimento.

No caso de que se revogue a axuda, o centro terá que reintegrar as cantidades percibidas e mais os xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos termos que figuran nos artigos 33 a 38 da referida Lei de subvencións de Galicia.

#### *Disposición adicional*

Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os solicitantes deberán autorizar expresamente a Administración concedente para incluír e facer públicos nos rexistros regulados no citado decreto os datos relevantes referidos ás axudas concedidas.

#### *Disposicións derradeiras*

##### *Primeira.-Recursos.*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo competente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme o establecido nos artigos 10º, 14º e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; ou, potestativamente, recurso de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 107.1º, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

##### *Segunda.-Delegación de competencias.*

Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

##### *Terceira.-Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA ATENCIÓN AO ALUMNADO                  CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS DURANTE O CURSO ESCOLAR                  2008-2009</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED30II</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

CENTRO: CPR	CÓDIGO DE CENTRO	NIF/CIF
ENDEREZO		
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
FAX	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

**E, na súa representación:**

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
		TELÉFONO

**CERTIFICACIÓN**

Certifico que os datos de alumnado matriculado neste centro en niveis concertados son os seguintes:

	INFANTIL, PRIMARIA e ESO (M1)	FP e PCPIs (M2)	TOTAL ALUMNOS/AS NO CENTRO EN ETAPAS CONCERTADAS (C)	PORCENTAXE 1 (M1/C)x100	PORCENTAXE 2 (M2/C)x100
Nº DE ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS					
ALUMNADO CON NEE XA MATRICULADO NO CURSO ANTERIOR					
GRAO DE MINUSVALIDEZ	ATA O 33%	MÁIS DO 33% E ATA O 66%	MÁIS DO 66%		
Nº DE ALUMNADO CON GRAO DE MINUSVALIDEZ INDICADO EN INFANTIL, PRIMARIA E ESO					
Nº DE ALUMNADO CON GRAO DE MINUSVALIDEZ INDICADA EN FP E PCPIs					

**SOLICITA:**

Acollerse á Orde do [ ] pola que se regula o réxime de axudas económicas para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, para a que se achega a seguinte documentación:

- Unha memoria explicativa en que se fagan constar as necesidades do centro para atender o alumnado con necesidades educativas especiais.
- No caso de que o centro solicite outras axudas para a mesma finalidade, xuntará á solicitude unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos e a súa contía.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.

**OBSERVACIÓNS:**

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 19 de setembro de 2008 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais durante o curso escolar 2008-2009.</i>	(Para cubrir pola Administración)	
	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAIDA ____/____/____
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  Lugar e data _____ de _____ de _____	REVISADO E CONFORME	